

Orde de 25 de xaneiro de 2022 pola que se actualiza a normativa de avaliación

Artigo 17. Obtención do título de bacharelato polo réxime de persoas adultas

1. As alumnas e os alumnos que cursen o bacharelato polo réxime para persoas adultas obterán o título sempre que obtivesen avaliación positiva en todas as materias dos dous cursos de bacharelato, ou en todas as materias **agás unha**. Neste último caso, deberanse reunir as **condicións seguintes**:

a) Que o equipo docente considere que a alumna ou o alumno alcanzou as competencias e os obxectivos vinculados a ese título.

b) Que non se produciu un abandono da materia por parte da alumna ou do alumno, conforme os criterios establecidos por parte dos centros no marco do disposto pola consellería con competencias en materia de educación.

c) Que a alumna ou o alumno se presentou a todas as probas e realizou todas as actividades necesarias para a súa avaliación, **incluídas as da convocatoria extraordinaria**.

d) Que a **media aritmética das cualificacións obtidas en todas as materias da etapa sexa igual ou superior a cinco**.